

Queremos Asamblea en Navantia



Mañá hai unha saída á rúa dentro do calendario de mobilizacións pola carga de traballo. A **CGT** chama a tódolos traballador@s a participar. Antes de saír, haberá unha **CONCENTRACIÓN ÁS 10:00 DIANTE DE DIRECCIÓN**. O motivo de concentrarnos en Dirección é que o comité de empresa vaille entregar á empresa un escrito en relación coas irregularidades detectadas nas prazas de operarios e empregados sénior. En dito escrito se pide que as persoas que teñen as mesmas circunstancias laborais reciban o mesmo tratamento, e non que unhas sexan admitidas e outras non. Pero hai outro problema: os códigos de profesión/ocupación recollidos nas bases impiden que moitos traballadores se poidan presentar, incluídos traballadores da factoría subcontratados. **CONSIDERAMOS INACEPTABLE QUE UN PROFESIONAL SIRVA PARA TRABALLAR AQUÍ CONTRATADO POR UNHA COMPAÑÍA, PERO QUE NON SIRVA PARA TRABALLAR AQUÍ CONTRATADO POLA PROPIA NAVANTIA SIMPLEMENTE PORQUE NO SEU CONTRATO SÓ PON "ELECTRICISTA" OU "CALDEREIRO", E PARA PODER PRESENTARSE ÁS PRAZAS DEBERÍA POÑER "ELECTRICISTA NAVAL" OU "CALDEREIRO INDUSTRIAL"**. Mañá ás 10:00 diante de Dirección debe realizarse unha Asemblea sobre este tema, Asemblea que debe server para decidir cal é a alternativa dos traballadores ante esta situación.

Sección Sindical Unitaria da **CGT** en Navantia-Ferrol